



Somos Paisaxe é unha iniciativa de divulgación que trata de achegar as paisaxes e as persoas a través do re-coñecemento dos elementos que as compoñen, a comprensión das súas dinámicas e procesos e a actuación pola posta en valor do carácter competitivo que teñen as Paisaxes Galegas.

Bases do Premio Somos Paisaxe e Convocatoria 2016

A Convención Europea pola Paisaxe busca especificamente “incrementar a sensibilización da sociedade civil, as organizacións privadas e as autoridades públicas respecto do valor das paisaxes, o seu papel e a súa transformación”.

Neste contexto, a Fundación Galicia Sustentable insta a o Premio Somos Paisaxe no marco do convenio de colaboración co Instituto de Estudos do Territorio para a difusión a divulgación e a participación social sobre a paisaxe.

Bases

Obxecto

O Premio é un recoñecemento a iniciativas de índole diversa que teñan feito unha contribución por aproveitar o valor das paisaxes galegas como factor clave para o seu propio desenvolvemento.

Tratando de trasladar que a paisaxe é unha cousa cotiá que nos afecta en todos os ámbitos da vida, cada edición establecerá unha categoría de iniciativas marcando a temática de cada edición.

Candidaturas

Poden ser candidatas ao premio calquera iniciativa promovida por persoas físicas ou xurídicas de natureza privada.

As candidaturas deben ser presentadas polos promotores ou por terceiras partes que teñan coñecemento de iniciativas merecedoras dos premios.



O xurado poderá premiar iniciativas que non se presentasen á convocatoria se as considera merecedoras do premio.

Valoración

A valoración dos aspectos será subxectiva por cada integrante do xurado. Os resultados de tal proposta pretenden participar da definición establecida na Convención Europea da Paisaxe que entende a paisaxe como *“calquera parte do territorio tal como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos”*.

Dentro da liberdade de cada membro do xurado, para cada edición se elaborará unha listaxe de aspectos que son os que se busca destacar.

Como criterios xerais consideraranse as implicacións da paisaxe para a sociedade, o valor da paisaxe no desenvolvemento de Galicia e á súa capacidade para contribuír a mellorar a calidade de vida da poboación.

Dotación

O proxecto premiado, terá unha dotación económica de 3.000,00€ (TRES MIL EUROS) mentres que para o finalista será de 2.000,00€ (DOUS MIL EUROS).

As iniciativas premiadas serán difundidas a través da web www.somospaisaxe.org e redes sociais.

Xurado

Na procura dunha interpretación da paisaxe como a entende a Convención Europea da Paisaxe, o xurado, para cada categoría, estará formado por 5 persoas de diferentes ámbitos profesionais, ademais unha representante da Fundación Galicia Sustentable e outra do Instituto de Estudos do Territorio.

Incompatibilidade

Non poderán optar ao premio os membros do xurado e os seus asociados, así como os familiares dos mesmos, calquera que sexa o grao de parentesco.

Documentación

As propostas, para cada categoría do premio, deberán acompañarse do modelo normalizado de candidatura a través da web www.somospaisaxe.org que incluírá toda a información necesaria para a valoración por parte do xurado.

Esta información deberá ser enviada por email a premioSP@galiciasustentable.org.

A documentación achegada quedará en propiedade da Fundación Galicia Sustentable. Igualmente, todo o material gráfico e fotografías estarán libres de dereitos de autor e os concursantes galardoados co Premio Somos Paisaxe, autorizan expresamente á Fundación Galicia Sustentable, polo feito de presentar a súa candidatura, a utilizar a documentación gráfica para a edición de publicacións en soporte papel ou en dixital, co obxectivo de difundir os resultados das diferentes convocatorias.

Fallo do xurado

O xurado, á vista da documentación presentada, poderá realizar unha selección previa daquelas intervencións ou obras que considere reúnen condicións suficientes para optar ao premio, e realizar unha posterior visita ás mesmas. Os premios poderán quedar desertos se as propostas presentadas non se consideran axustadas aos obxectivos do mesmo.

Unha vez analizadas todas as propostas, as decisións do xurado adoptaranse por maioría simple, sen voto de calidade. As decisións do xurado así adoptadas serán inapelables.

O fallo do xurado farase público a través da páxina web do programa Somos Paisaxe e noutros medios. Igualmente, os autores premiados recibirán unha comunicación por escrito na que se lles dará conta da resolución do Xurado.

Aceptación das bases

A presentación de propostas para optar ao premio, implica o coñecemento e a plena aceptación das bases da convocatoria.

Aclaracións sobre estas bases

Calquera puntualización ou rectificación destas bases farase pública na web <http://www.somospaisaxe.org>. As dúbidas particulares ou aclaracións serán atendidas a través do email premioSP@galiciasustentable.org.

Convocatoria 2016

O Premio Somos Paisaxe é un recoñecemento a iniciativas de índole diversa que teñan feito unha contribución por aproveitar o valor das paisaxes galegas como factor clave para o seu propio desenvolvemento.

Edición 2016. Iniciativas sociais

A paisaxe existe pola súa visibilidade e polo tanto a sensibilización para a implicación da poboación coa paisaxe debe ser unha das liñas fundamentais de acción sobre a paisaxe. A propia Convención Europea da Paisaxe busca outorgar recoñecemento legal aos trazos específicos da paisaxe.

Esta convocatoria quere recoñecer as iniciativas de acción social e colaborativa pola protección, xestión e/ou posta en valor da paisaxe en xeral ou dunha determinada paisaxe ou elemento en particular.

Nesta edición búscase recoñecer os seguintes aspectos que serán especialmente considerados polo xurado á hora de realizar as súas valoracións das candidaturas presentadas:

- **Impacto social.** Valorarase a repercusión e a implicación social que teña acadado a iniciativa. Consideraranse aspectos cuantitativos pero tamén cualitativos tales como a diversidade de axentes implicados.
- **Resultados da iniciativa.** Considerarase que a iniciativa teña acadado un resultado inequivocamente identificable como efecto da acción.
- **Convención Europea da Paisaxe.** Serán avaliadas en relación coa capacidade para estimular á cidadanía para establecer unha relación perceptiva do propio territorio, e contribuír ao desenvolvemento dunha conciencia colectiva sobre a responsabilidade nos procesos evolutivos da paisaxe e os seus valores, tal e como está previsto no artigo 6 da Convención Europea da Paisaxe.

Presentación e data límite

Aceptaranse unicamente candidaturas recibidas a través do formulario web a disposición en www.somospaisaxe.org.

A data límite de entrega será o 15 de outubro de 2016.

Na propia convocatoria detallaranse aspectos que complementan estas bases atendendo ás necesidades específicas, no caso de habelas, de cada edición.

Xurado

Na procura dunha interpretación da paisaxe como a entende a Convención Europea da Paisaxe, o xurado, para cada edición, estará formado por 5 persoas de diferentes ámbitos profesionais. Delas unha será un representante da Fundación Galicia Sustentable e outra pertencerá ao Instituto de Estudos do Territorio.

Os nomes das persoas que compoñen o xurado será publicitado na páxina web www.somospaisaxe.org unha vez se peche o prazo de recepción de candidaturas.

Resolución

O xurado realizará a súa valoración unha vez finalizado o proceso de recepción de candidaturas e xuntarase para acadar unha resolución no mes de outubro de 2016. As iniciativas premiadas recibirán unha comunicación oficial e posteriormente á súa aceptación do premio serán anunciados na procura da maior difusión posible deste recoñecemento.

Convoca

Fundación Galicia Sustentable

Rúa Neira de Mosquera 8, baio, 15702, Santiago de Compostela

e-mail: info@galiciasustentable.org

web: <http://fundacion.galiciasustentable.org>